Recomendación dirixida á Consellería de Sanidade para que *en adiante se editen as cartillas de saúde infantil en versión bilingüe, se xeito que toda a información estea dispoñible nas dúas linguas cooficiais en Galicia, dada a relevancia da información clínica contida nestes documentos*

Expediente: P.1.Q/13719/15

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2015

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D.ª ……., quen nos remite a queixa en nome de D. …….

ANTECEDENTES

No seu escrito, en síntese, a persoa promotora da queixa poñía de manifesto que D. …… e a súa esposa non lograban que o Sergas lles entregase a cartilla de saúde infantil en castelán. No CHOU de Ourense, onde naceu en xuño o seu primeiro fillo, lles dixeron que estas cartillas existen soamente en galego. Asemade, engade que dende Galicia Bilingüe reclamaron a dita cartilla á Consellería de Sanidade, pero a resposta foi que soamente as imprimen en galego, polo que os cidadáns que queiran usala en español teñen que descargala da web da Consellería. Entende que non é o mesmo manexar un documento en follas fotocopiadas unidas cun clip ou unha grapa, que usar un libro debidamente impreso. Asemade, considera que é unha falta de consideración relegar aos falantes dun idioma oficial a buscar a documentación en internet, mentres que aqueles que prefiren ter o documento en galego poden recibilo directamente no hospital. Conclúe dicindo que estes pais non tiveron outro remedio que aceptar a cartilla no único idioma dispoñible, pero non se resignan a non poder tela no seu idioma materno que, ademais, é o idioma que transmitirán ao seu fillo, polo que, dende a asociación que preside, solicita que lles sexa

facilitada a estes pais a cartilla en español e que o Sergas dispoña de exemplares en ambos os idiomas, algo sinxelo e que satisfaría a todos.

Ao considerar que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 3 e 27 da Constitución española e 5 do Estatuto de Autonomía, admitiuse a trámite e promoveuse unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

Finalmente, foi recibido o informe que, en síntese, viña a manifestar o sinalado no escrito de queixa, é dicir, que na actualidade realizase a impresión (en imprenta) de cartillas en idioma galego, debido á moi baixa demanda de cartillas en idioma castelán. Para as persoas que solicitan dispor da cartilla nese idioma se lles indica que poden descargala e imprimila desde a páxina web da Consellería de Sanidade e tamén, se así o desexan, poden solicitar á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública a impresión gratuíta da mesma que lles será remitida no menor tempo posible. O informe remata sinalando que a reclamante é coñecedora desta situación, xa que se lle indicou en diversas ocasións que esta era a solución mais adecuada fronte ao gasto que supón a impresión (en imprenta) de cartillas que non se van a utilizar por falta de demanda.

Polo indicado, a consellería considera que non existe ningunha discriminación, senón que se aportan solucións que permiten acadar o obxectivo de que os pais dispoñan da cartilla infantil, nos dous idiomas oficiais de Galicia.

ANÁLISE

Tendo en conta o contido do escrito de queixa e o manifestado no informe da administración cómpre facer as seguintes consideracións:

1ª.- A cartilla de saúde infantil é un documento persoal que se entrega aos pais ou coidadores dun recén nado e que incorpora información básica sobre a súa saúde: os datos relativos ao parto e ao nacemento; os controis periódicos de saúde durante os primeiros meses de vida; o calendario de vacinacións; recomendacións de alimentación, hixiene e coidados de saúde; enfermidades e incidencias do desenvolvemento, alerxias, problemas metabólicos; táboas antropométricas; e, en definitiva, unha guía básica para levar a cabo un adecuado control e seguimento sanitario do neno. Por conter datos relativos á saúde, indicacións básicas e información clínica relevante, é esencial garantir a adecuada

comprensión do seu contido, tanto por parte dos familiares do menor como dos responsables sanitarios.

2ª.- A entrega da cartilla de saúde infantil só nunha das linguas cooficiais non garante esta imprescindible comprensión do seu contido, o que se agrava se temos en conta que moitos dos termos que incorpora teñen un significado técnico moi preciso. Por outra parte, nos eventuais desprazamentos do neno ou nena titular da cartilla a outros lugares do Estado nos que o galego non ten a consideración de lingua cooficial, se dificulta de forma inxustificada un adecuado coñecemento da información contida na cartilla de saúde por parte dos responsables sanitarios.

3ª.- Non pode compartirse o argumento de que as cartillas se imprimen en idioma galego debido á moi baixa demanda de cartillas en castelán. Este dato é de imposible cuantificación debido a que moitas persoas descoñecen que poden solicitar a cartilla en castelán e dan por feito que só se fornece en galego. O certo é que non hai ningún tipo de comunicación pública da consellería, que teña unha difusión xeral, informando os usuarios de que poden solicitar a cartilla en castelán.

4ª.- Non pode compartirse tampouco o argumento de que non existe ningunha discriminación entre ambas as linguas. Existe desde o momento en que se entrega a cartilla só en galego e para dispoñer dela en castelán debe descargarse da páxina web (e manexar unha serie de folios impresos e grapados) ou debe solicitarse expresamente e esperar a que a impriman na imprenta e a envíen. Para as persoas que que a utilizan en galego, non se produce ningunha destas situacións.

5ª.- Para evitar o problema sinalado do *"gasto que supón a impresión (en imprenta) de cartillas que non se van a utilizar por falta de demanda"*, considérase que a solución máis adecuada é facer unha versión bilingüe da cartilla de saúde infantil. Un bo exemplo desta práctica é a do Servizo Vasco de Saúde (Osakidetza), que ofrece unha mostra moi eficaz da utilización de ambas as linguas nun documento desta natureza. Pode verse na seguinte dirección:

http://www.osakidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/salud_infancia/é_infantil/adxuntos/kartilla.pdf.

A impresión bilingüe da cartilla cumpre ademais coa vantaxe engadida de que non é necesario cargar aos usuarios coa obriga de formular unha opción lingüística explícita senón que é a propia administración sanitaria a que promove unha adecuada observancia do artigo 3 da Constitución española: "Nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade

lingüística, o uso dos particulares de calquera lingua oficial ten efectivamente plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado no devandito territorio, sendo o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e o respectivo Estatuto de Autonomía" (SSTC 82/1986 e 123/1988). Por tanto, debe ser a propia administración, neste caso a sanitaria, a que remova os obstáculos que impiden ás persoas o seu dereito ao uso dunha das linguas oficiais emitindo este documento en ambas as linguas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

Que en adiante se editen as cartillas de saúde infantil en versión bilingüe, se xeito que toda a información estea dispoñible nas dúas linguas cooficiais en Galicia, dada a relevancia da información clínica contida nestes documentos, sendo unha obriga da administración sanitaria promover e facilitar o seu adecuado coñecemento e comprensión, tanto por parte das familias como dos responsables sanitarios.

Tendo en conta que, neste intre, existen só cartillas impresas en lingua galega, por razóns de racionalización do gasto feito na súa impresión, sería adecuado informar nos centros sanitarios desta situación, indicando aos proxenitores, titores ou coidadores dos nenos acabados de nacer que as cartillas están dispoñibles en versión bilingüe o só en galego, ata esgotar os exemplares impresos unicamente nesta lingua.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Un atento saúdo

Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo